## RÚBRICA DA COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)

	<b>EXCELENTE</b> (2,5-2 puntos)	<b>SATISFACTORIO</b> (2-1,5 puntos)	<b>BÁSICO</b> (1,5-1 puntos)	<b>ESCASO</b> (1-0 puntos)
<b>Respecto pola cultura</b> (2,5 puntos)	<p>Sempre mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais.</p> <p>Sempre amosa interese pola conservación do patrimonio e implícase activamente cando corresponde.</p>	<p>Case sempre mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais.</p> <p>Case sempre amosa interese pola conservación do patrimonio e é doado conseguir que se implique nesta tarefa.</p>	<p>Ás veces mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais.</p> <p>Ás veces amosa interese pola conservación do patrimonio, pero non adoita implicarse nesta tarefa.</p>	<p>Nunca ou case nunca mostra interese e /ou respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais.</p> <p>Non lle dá ningunha importancia á conservación do patrimonio.</p>
<b>Goce da cultura</b> (2,5 puntos)	<p>Sempre goza coas diferentes manifestacións culturais e artísticas, enténdelas como parte do desenvolvemento do pensamento e como unha riqueza e patrimonio dos pobos.</p> <p>Aprecia as manifestacións artístico-culturais cotiás como arquitectura, vivenda, moda, folclore etc.</p>	<p>Case sempre goza coas manifestacións culturais e artísticas, enténdelas como parte do desenvolvemento do pensamento e como unha riqueza e patrimonio dos pobos.</p> <p>Case sempre aprecia manifestacións artístico-culturais cotiás como arquitectura, vivenda, moda, folclore etc.</p>	<p>Ás veces goza con algunhas manifestacións culturais e artísticas, pero non as entende como parte do desenvolvemento do pensamento nin como unha riqueza e patrimonio dos pobos.</p> <p>Só ás veces aprecia algunhas manifestacións artístico-culturais cotiás.</p>	<p>Nunca ou case nunca goza coas manifestacións culturais nin as considera importantes no desenvolvemento do pensamento nin como riqueza dos pobos.</p> <p>Nunca ou case nunca aprecia manifestacións artístico-culturais cotiás.</p>
<b>Participación</b> (2,5 puntos)	<p>Sempre participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.</p>	<p>Case sempre participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.</p>	<p>Ás veces participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.</p>	<p>Nunca ou case nunca participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.</p>

	<b>EXCELENTE</b> (2,5-2 puntos)	<b>SATISFACTORIO</b> (2-1,5 puntos)	<b>BÁSICO</b> (1,5-1 puntos)	<b>ESCASO</b> (1-0 puntos)
<b>Habilidades creativas</b> (2,5 puntos)	Ten unha grande iniciativa e creatividade para expresarse a través de diferentes códigos artísticos e empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.	Ten iniciativa e bastante creatividade para expresarse a través de diferentes códigos artísticos e empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.	Ten iniciativa suficiente e unha creatividade básica para expresarse a través dalgúns códigos artísticos e empregar algúns materiais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.	Non ten iniciativa nin creatividade para expresarse a través dalgún código artístico e/ou empregar algún material e técnica no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.



### RÚBRICA DA COMPETENCIA DIXITAL (CD)

	<b>EXCELENTE</b> (2,5-2 puntos)	<b>SATISFACTORIO</b> (2-1,5 puntos)	<b>BÁSICO</b> (1,5-1 puntos)	<b>ESCASO</b> (1-0 puntos)
<b>Fontes de información</b> (2,5 puntos)	<p><b>Procura</b> información na rede demostrando <b>habilidade</b> no seu filtrado.</p> <p><b>Extrae</b> a información precisa, escollendo con <b>criterio</b> o que realmente necesita.</p> <p><b>Procesa</b> a información e <b>manipúlaa</b> tratando de <b>evitar o copiado literal</b>.</p>	<p><b>Procura</b> información na rede pero ten certa <b>dificultade no seu filtrado</b>.</p> <p><b>Extrae</b> a información precisa, aínda que ás veces <b>necesita axuda</b>.</p> <p><b>Procesa</b> a información e <b>manipúlaa</b>, pero non se preocupa por <b>evitar o copiado literal</b>.</p>	<p><b>Procura</b> información na rede <b>de forma guiada</b>.</p> <p><b>Non ten un criterio claro para extraer</b> a información precisa e necesita axuda constante.</p> <p>Fai una <b>manipulación</b> da información moi <b>básica e cópiaa</b> toda ou case toda <b>de xeito literal</b>.</p>	<p><b>Cústalle</b> moito a <b>procura</b> de información na rede aínda que sexa de forma guiada.</p> <p><b>Non é capaz de extraer</b> da información <b>os datos</b> que precisa.</p> <p><b>Non manipula nin procesa a información</b>.</p>
<b>Capacidade para traballar coas TIC</b> (2,5 puntos)	<p><b>Coñece e usa aplicacións</b> informáticas <b>axeitadas</b> á tarefa para confeccionar, compartir e/ou presentar os seus traballos. Manéxaas con <b>destreza</b> e crea documentos de <b>calidade</b>.</p>	<p><b>Coñece e usa a maioría das aplicacións</b> informáticas axeitadas á tarefa para confeccionar, compartir e/ou presentar os seus traballos. Manexa a maioría delas con <b>bastante destreza</b> e crea documentos dixitais dunha <b>calidade aceptable</b>.</p>	<p><b>Coñece e usa só algunhas aplicacións</b> informáticas axeitadas para confeccionar, compartir e presentar os seus traballos.</p> <p><b>Necesita bastante axuda</b> para manexalas e para que os documentos xerados sexan dunha <b>calidade mínima</b>.</p>	<p><b>Non coñece nin usa as aplicacións máis comúns</b> axeitadas á tarefa para confeccionar, compartir e presentar os seus traballo.</p> <p><b>Necesita axuda constante</b> para o seu manexo e, mesmo de xeito guiado, produce documentos de <b>baixa calidade</b>.</p>
<b>Linguaxe específica</b> (2,5 puntos)	<p><b>Interpreta correctamente a simboloxía</b> propia das aplicacións informáticas, de modo que é capaz de iniciarse de forma <b>autónoma</b> no seu manexo.</p>	<p><b>Interpreta correctamente a simboloxía</b> propia das aplicacións informáticas, <b>pero precisa de axuda</b> para iniciarse no seu manexo.</p>	<p><b>Ten dificultades na interpretación da simboloxía</b> propia das aplicacións informáticas e presenta dificultades para desenvolverse con elas, precisando de axuda.</p>	<p><b>Non coñece a simboloxía</b> propia das aplicacións informáticas e non é quen de utilizalas correctamente aínda que sexa de forma guiada.</p>

	<b>EXCELENTE</b> (2,5-2 puntos)	<b>SATISFACTORIO</b> (2-1,5 puntos)	<b>BÁSICO</b> (1,5-1 puntos)	<b>ESCASO</b> (1-0 puntos)
<b>Respecto no uso de recursos dixitais</b> (2,5 puntos)	<p><b>Sempre inclúe</b> nas súas producións as referencias ás <b>fontes</b> utilizadas.</p> <p><b>Sempre respecta os principios legais e éticos</b> na utilización de fontes de información e/ou contidos, incluso ao compartilos nas redes sociais.</p>	<p><b>Case sempre inclúe</b>as referencias ás <b>fontes</b> utilizadas.</p> <p><b>Case sempre respecta os principios legais e éticos</b> na utilización de fontes de información e/ou contidos, incluso ao compartilos nas redes sociais.</p>	<p><b>Esquécese con frecuencia</b> de facer referencia ás <b>fontes</b> utilizadas.</p> <p><b>Hai que lembrarlle a cotío que respecte os principios legais e éticos</b> na utilización de fontes e/ou contidos.</p>	<p><b>Non fai referencias</b> ás <b>fontes</b> utilizadas.</p> <p><b>Non amosa interese polo respecto aos principios legais e éticos</b> na utilización de fontes e/ou contidos, incumpríndoos intencionadamente.</p>

### 3.OBXECTIVOS. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO

- |   |
|---|
| 1. Coñecer de maneira básica os elementos do fenómeno relixioso. Identificar a estrutura común nas relixións de maior vixencia.   |
| 2. Coñecer o significado dos signos e símbolos relixiosos máis relevantes, con especial atención aos sacramentos e ás prácticas relixiosas máis estendidas na súa contorna.   |
| 3. Coñecer a Biblia, na súa orixe, estrutura, finalidade e interpretación como expresión do amor de Deus e como expresión da revelación de Deus Pai aos homes   |
| 4. Comprender os contidos da mensaxe cristiá que fundamentan a concepción do ser humano como un ser creado por Deus e destinado a ser fillo seu.  |
| 5. Identificar a Xesucristo como Fillo de Deus e salvador dos homes. Coñecer e valorar a súa misión, a súa mensaxe, a súa vida e a súa presenza permanente na Igrexa polo Espírito Santo.                             |
| 6. Comprender e valorar o sentido e finalidade da Igrexa como institución ao servizo da humanización e salvación que Cristo ofrece ao ser humano.   |
| 7. Coñecer e apreciar os valores e virtudes xerados na mensaxe e acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa.  |
| 8. Comprender e distinguir a acción salvadora de Cristo e o carácter celebrativo de cada un dos sacramentos.  |
| 9. Fundamentar o fondo significado cristián da tolerancia, participación, responsabilidade e solidariedade na doutrina cristiá, aplicándoos a situacións sociais habituais: traballo, lecer, xogo, familia, amigos... |
| 10. Identificar os textos fundamentais da fe católica que constitúen o núcleo da mensaxe cristiá.   |
| 11. Descubrir os valores, testemuños dos santos e o servizo da Igrexa nos feitos máis importantes da historia.  |
| 12. Recoñecer os fundamentos racionais e revelados que xustifican o ensino moral da Igrexa católica, e orientan a relación do home con Deus, consigo mesmo e cos outros.  |

## CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO

CURSO	OBXECTIVOS	Trimestre
1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Descubrir os elementos do feito relixioso e as súas distintas manifestacións na historia e na vida dos pobos.</li> <li>- Coñecer que clasificación se pode facer das relixións.</li> <li>- Fomentar o diálogo interrelixioso como base da convivencia e da paz.</li> <li>- Razoar as respostas que as relixións dan ás grandes preguntas sobre a existencia.</li> </ul>	1º
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Descubrir a Xesucristo como centro da fe cristiãna.</li> <li>- Coñecer os relatos da infancia de Xesús e as circunstancias nas que se produciron.</li> <li>- Coñecer os discípulos que acompañaron a Xesús.</li> <li>- Comprender o que Xesús quere dicir cando fala do Reino de Deuse cales son as características do mesmo.</li> <li>- Analizar o acontecemento da resurrección de Xesús e a importancia que este feito ten para a vida dos cristiãns.</li> </ul>	2º
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Analizar e valorar o sentido e finalidade da Igrexa na súa tarefa de ser testemuño de Xesucristo,de celebrar o amor de Deus e de comprometerse a cumprir o mandamento do amor.</li> <li>- Valorar as accións da Igrexa en favor dos máis pobres ao longo da historia.</li> <li>- Coñecer o carácter celebrante dos sacramentos de iniciación e a súa relación coa fe e coa vida das persoas,así como o papel dos ritos e dos símbolos na liturxia cristiã.</li> </ul>	3º
2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer e manexar a Biblia recoñecendo a súa estrutura de forma básica.</li> <li>- Recoñecer os valores cristiãns presentes nas figuras bíblicas.</li> <li>- Identificar e valorar a fe como xeradora de cultura.</li> </ul>	1º Trimestre
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender e valorar o sentido sagrado, festivo , cultural e celebrativo das festas e os seus ritos.</li> <li>- Relacionar lugares e acontecementos importantes na vida de Xesús e os seus discípulos.</li> </ul>	2º Trimestre
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Buscar resposta os interrogantes fundamentais que nos facemos sobre a orixe e o destino das persoas.</li> <li>- Fomentar o diálogo interrelixioso como base da convivencia e da paz.</li> </ul>	3º Trimestre
3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Descubrir as respostas ó sentido relixioso nas relixións monoteístas.</li> <li>- Recoñecer e valorar os feitos máis importantes das relixións monoteístas,as súas aportacións na cultura e nas festas.</li> </ul>	1º Trimestre
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valorar a importancia que ofrece a Biblia como fonte de revelación de Deus.</li> <li>- Obter información relevante sobre a historicidade de Xesús a partir da análise de textos.</li> </ul>	2º Trimestre

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificar a natureza e finalidade dos evanxeos.</li> <li>- Coñecer e comprender o proceso de formación dos evanxeos.</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecer a Igrexa como unidade dos cristiáns no Corpo de Cristo. O valor da fraternidade e o compartir que emerxen da Igrexa.</li> <li>- Identificar a misión da Igrexa:catolicidade e o carácter misioneiro.</li> <li>- Coñecer o carácter celebrante dos sacramentos de curación e servizo e a súa relación coa fe e coa vida das persoas,así como o papel dos ritos e dos símbolos na liturxia cristiá.</li> </ul>	3º Trimestre
4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificar e contrastar no momento actual diversas respostas de sentido.</li> <li>- Tomar conciencia da importancia de interiorizar e practicar os valores do diálogo, fidelidade, compromiso social, crítica moral, coherencia persoal e cristiá, amor, verdade, seguir un bo mestre e cambiar o mundo.</li> <li>- Valorar a importancia de desenvolver respostas aos interrogantes de sentido que xurden ao longo da vida.</li> </ul>	1º Trimestre
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Investigar e aplicar as ensinanzas e a relación entre Deus e a historia da Igrexa desde a Idade Moderna ata a Idade contemporánea.</li> <li>- Descubrir a necesidade dunha reforma na igrexa durante a idade moderna e contemporánea.</li> </ul>	2º Trimestre
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer e valorar o contexto no que nace e a ensinanza da doutrina social da Igrexa.</li> <li>- Deducir as consecuencias que implica a doutrina social da Igrexa no traballo, as relacións internacionais e a economía.</li> <li>- Recoñecer e apreciar o cambio que a doutrina social da Igrexa dá á persoa e á vida.</li> </ul>	3º Trimestre

#### 4. CONCRECIÓN POR CADA ESTÁNDAR.

##### 1. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS (1º, 2º, 3º e 4º ESO)

##### Secuenciación e temporalización dos contidos 1º ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.		<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: O sentido relixioso do home</b>				
	1	B1.1	Valora as relixións na historia da humanidade	1	Setem/Out/ Nov	11	
		B1.2	Relación e diferenzas entre as relixións da antigüidade				
		B1.3	Os valores da relixións da antigüidade.				
		B1.4	As primeiras relixións históricas				
		B1.5	A relixión en Grecia e en Roma				
		B1.6	Os dous relatos bíblicos de "A Creación de Deus"				
	2	B1.7	Xesús, mostra espiritual de natureza e o sentimento de loanza	2	Nov/ Dec	4	
		B1.8	O valor de humanizar a persoa e a terra				
B1.9		Valora a Deus creador como coidador das súas criaturas					x

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto / Unid. Did.	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
2ª Avaliac.	3	<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: A revelación. Deus intervén na historia</b>	3	Xan.	4	
		B2.1	Deus na historia de salvación				
		B2.2	A plenitude na historia de Salvación				
		B2.3	O relato bíblico “David e Goliat”				
		B2.4	Significado Espiritual dos nomes e o sentimento de desexar a Deus				
		B2.5	O valor da confianza				
		<b>B3</b>	<b>BLOQUE 3: Xesucristo, cumprimento da historia de salvación</b>				
	4	B3.1	A encarnación Xesucristo como Deus e home	4	Feb/ Mar	8	
		B3.2	A mensaxe de Xesús: O Reino de Deus, os milagres, a Igrexa				
		B3.3	O relato bíblico “A parábola do sementador”				
B3.4		O sentimento de alegría e espiritualidade desde os nomes de Xesucristo					
B3.5		Os valores das Benaventuranzas					X

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
3ª Avaliac.	5	<b>B4</b>	<b>BLOQUE 4: Permanencia de Xesucristo na historia. A Igrexa</b>	5	Abril Maio/Xun	11	
		B4.1	A Igrexa, presenza de Xesucristo na historia				
		B4.2	Características da liturxia e sacramentos				
		B4.3	O relato bíblico “O bautismo de Xesús”				
		B4.4	A Espiritualidade dos sacramentos e o sentimento da oración				
		B4.5	O valor da fraternidade...		x		

## Secuenciación e temporalización dos contidos 2º ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Unid. Did.	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.		<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: O sentido relixioso do home</b>				
	1	B1.1	O ser humano creado por Deus, libre e intelixente á súa imaxe e semellanza.	1	Setem/out	7	
		B1.2	A persoa é un ser relixioso: a relixiosidade.				
		B1.3	As relixións orientais				
		B1.4	Diferenzas entre as relixións orientais e o cristianismo				
		B1.5	Dimensións e valores do hinduísmo e budismo en relación co cristianismo				
	2	B1.6	O fundamento da dignidade da persoa.	2	Nov/ Dec	8	
		B1.7	Características do proxecto persoal de vida cristiá e os principais modelos de vida para o cristián.				
		B1.8	O relato bíblico "A parábola dos talentos".				
		B1.9	O valor do tempo na Biblia e o sentimento de dignidade.				
B1.10		Os proxectos de vida e os seus valores.					



Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Unid. Did.	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
2ª Avaliac.		<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: A revelación Deus intervén na historia.</b>				
	3	B2.1	Características xerais e clasificación dos libros da Biblia.	3	Xan.	4	
		B2.2	Orixes, composición e interpretación dos libros Sagrados.				
		B2.3	O relato bíblico "A historia de Xonás".				
		B2.4	A Lectio Divina e o sentimento de comunicarse.				
		B2.5	O valor da amizade.				
		<b>B3</b>	<b>BLOQUE 3: Xesucristo, cumprimento da historia de salvación.</b>				
	4	B.3.1	O Credo, síntese da acción salvífica de Deus na historia.	4	Feb/ Marz	8	
		B3.2	Características e verdades de fe da escatoloxía cristiá.				
		B3.3	O relato bíblico "o Xuízo Final e definitivo".				
B3.4		Os textos bíblicos sobre a vida eterna.					
B3.5		O valor de cambiar.					X

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Unid. Did.	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
3ª Avaliac.		<b>B4</b>	<b>BLOQUE 4: Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa.</b>				
	5	B4.1	Expansión da igrexa, as primeiras comunidades.	5	Abril Maio/ Xuño	11	
		B4.2	As notas da Igrexa.				
		B4.3	" O relato bíblico "A parábola dos xornaleiros da viña".				
		B4.4	Espiritualidade do canto relixioso e sociabilidade.				
		B4.5	O valor da solidariedade.				

### Secuenciación e temporalización dos contidos 3º ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Unid. Did.	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.		<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: O sentido relixioso do home e da muller</b>				
	1	B1.1	O desexo de felicidade	1	Setem.	2	
		B1.2	A necesidade de sentirse amado/a				
		B1.3	O ser humano busca a Deus				
		B1.4	Diferentes respostas fronte ao sufrimento no mundo				
	2	B1.5	A Biblia	2	Out / Nov /Dec	13	
		B1.6	Os libros do Antigo Testamento				
		B1.7	Historicidade de Xesús				
		B1.8	O Novo Testamento				
		B1.9	Os Evanxeos				
B1.10		As primeiras comunidades cristiáns					
						X	

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Unid. Did.	Temporalización		Probas avaliación		
	Tem a / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións			
2ª Avaliac.	3	<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: A Revelación: Deus intervéen na historia</b>	3	Xan.	4			
		B2.1	O pecado de Adán e Eva no relato do Xénese						
	B2.2	As consecuencias do pecado							
	B2.3	En que consiste a ruptura con Deus							
	B2.4	En que consiste a ruptura cos demais							
	4	B2.5	A vocación é unha chamada de Deus	4	Feb/ Mar	8			
		B2.6	A resposta á chamada de Deus						
		<b>B3</b>	<b>BLOQUE.3:...Xesús, cumprimento da Historia de salvación</b>						
		B3.1	Xesús sae ao encontro das persoas						
		B3.2	Zaqueo,o cambio de vida						
B3.3	Nicodemo e Xesús								
B3.4	O encontro de Xesús e María Magdalena								
B3.5	Paulo de Tarso e Xesús								
									X
Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS						Unid. Did.	Temporalización	
	Tem a / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións			
3ª Avaliac.	5	<b>B4</b>	<b>BLOQUE.4:..A permanencia de Xesús na Historia da Igrexia</b>	5	Abril Maio Xuño	11			
		B4.1	A proposta de valores cristiáns fronte as relixións monoteístas						
		B4.2	O labor social da Igrexa: educativo, cultural e asistencial						
		B4.3	A arte sacra ao longo dos séculos , estilos e tendencias						
		B4.4	A análise dunha obra de arte						
		B4.5	A beleza de fe cristiá na arte...						
		B4.6	Manifestacións artísticas de carácter relixioso:arquitectura, escultura, pintura e música						
B4.7	Novas formas de anunciar a mensaxe de Xesús...								
							X		

### Secuenciación e temporalización dos contidos 4º ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.		<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: O sentido relixioso do home e da muller</b>				
	1	B1.1	O desexo de atoparse con Deus.	1	Setem/ Out	7	
		B1.2	As relixións: busca do sentido da vida.				
		B1.3	O relato bíblico “Rut, a estranxeira”				
		B1.4	A espiritualidade da paz interior e o sentimento de busca de sentido.				
		B1.5	O valor do diálogo.				
	2	B1.6	A finalidade de Deus có ser humano..	2	Nov/ Dec	7	
		B1.7	A dobre realidade da Igrexa na historia de Idade Moderna e da Idade Contemporánea				
		B1.8	O relato bíblico de “O profeta Xeremías”.				
		B1.9	O agradecemento e o sentimento de aproveitar o tempo.				
B1.10		O valor da fidelidade.					X

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto / Unid. Did.	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
2ª Avaliac.		<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: A Revelación :Deus intervén na historia</b>				
	3	B2.1	A figura mesiánica do Servo de lavé.	4	Xan	4	
		B2.2	Características da moral católica da vida pública.				
		B2.3	O relato bíblico “A historia do rei Saúl”				
		B2.4	A práctica da fe cristiá e o sentimento de sufrimento.				
		B2.5	O valor do compromiso social.				
	4			5	Feb/ Mar	8	
		<b>B3</b>	<b>BLOQUE.3:..Xesús, cumprimento da Historia de salvación</b>				
		B3.1	A chamada de Xesús a colaborar con ÉI xera unha comunidade.				
B3.2		Compromisos para actualizar a misión de Xesús.					
							X

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
3ª Avaliac.		<b>B4</b>	<b>BLOQUE.4...A permanencia de Xesús na Historia da Igrexia</b>				
	5	B4.1	Autoridade positiva e autoritarismo.	8	Abril/ Maio/Xuño	11	
		B4.2	A autoridade eclesial ao servizo da verdade.				
		B4.3	O relato bíblico “Susana , Daniel e os dous xuíces”.				
		B4.4	A verdade do ser humano e o sentimento de sinceridade.				
		B4.5	O valor da verdade....				
	6	B4.6	A misión da Igrexa no mundo.....				
		B4.7	Características da civilización do amor que constrúen os cristiáns por todo o mundo.	9			
		B4.8	O relato bíblico “ O ceo novo e a terra nova “.				
		B4.9	Espiritualidade ecolóxica e sentimento de eternidade.				
B4.10		O valor de cambiar o mundo .		x			

## 2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

### 1º ESO

- Define que é a relixión.
- Nomea expresións relixiosas máis antigas
- Establece diferenzas entre as relixións da antigüidade e o cristianismo
- Atopa os trazos de ensinanzas, comportamento e culto das relixións e identifícaos.
- Descubre seguindo pautas guiadas, de forma simple aínda que sen utilizar o vocabulario específico os elementos característicos das relixións primitivas.
- Mestura algúns elementos dos relatos míticos cos elementos simbólicos do relato bíblico.
- Coñece e nomea varias formas de explicar a Creación.
- Sitúa cal é o país ao que pertence Xesús e nomea lugares máis significativos.
- Entende as parábolas e milagres como relato en si identificando o seu significado.
- Extrae de forma sinxela valores que xorden das parábolas
- Identificar escenas da vida de Xesús na arte.
- Identifica algunhas das benaventuranzas.
- Coñece os sacramentos.
- Diferenza e nomea algúns elementos litúrxicos

## 2º ESO

- Distingue e debate de forma civilizada a orixe do ser humano.
- Identifica a Xesús e a Virxe María como principais modelos da vida cristiá.
- Recoñece a presenza de Santiago na nosa comunidade en relación con Xesús nalgúns textos bíblicos e explicándoo sucintamente e con pobreza os contidos.
- Presenta a mensaxe de universalidade e apostolicidade da Igrexa de modo sinxelo, utilizando tecnoloxías da información e a comunicación.
- Describe a raíz da unidade e santidad da Igrexa, e fai unha valoración persoal sinxela.
- Analiza e sabe describir sinxelamente o valor da solidariedade para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus.
- Atopa algúns trazos de ensinanzas, comportamento e culto das relixións orientais e identifícaos.
- Identifica elementos eucarísticos e litúrxicos.
- Define a escatoloxía cristiá.

## 3º ESO

- Entende que houbo un proceso de formación dos Evanxeos, inda non o abarca completamente.
- Pode distinguir algúns dos libros sagrados da Biblia.
- Identifica na arte algúns contidos que se axusten aos relatos bíblicos.
- Explica o sentido das peregrinacións cristiáns.



- Identifica algúns elementos significativos da Catedral de Santiago.
- Identifica algunhas diferenzas entres as distintas relixións monoteístas.
- Atopa os trazos de ensinanzas, comportamento e culto de cada relixión monoteísta e identifícaos.
- Coñece os sete sacramentos, pero non os clasifica.
- Describe adecuadamente os trazos básico do Deus cristián.
- Recoñece o valor da tolerancia nas relixións monoteístas.

#### **4º ESO**

- Entende o valor das obras artísticas como tales, pero descoñece a súa importancia como elementos relixiosos.
- Describe adecuadamente os trazos básico do Deus cristián.
- Atopa algúns exemplos de Xesús, como o maior exemplo de identidade persoal.
- Cita algunhas características da igrexa.
- Identifica a presenza da relixión na nosa sociedade.
- Misión da Igrexa no mundo.
- Identifica a búsqueda do sentido da vida nas distintas relixións.
- Valora o compromiso social na Igrexa

### 3. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Nos procedementos de avaliación recollamos todos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo, isto é as competencias básicas, os obxectivos, contidos e os criterios de avaliación. Os métodos agrupámoslos en catro grandes bloques: observación na aula, producións escritas e dixitais, intervencións orais e probas específicas.

#### AVALIACIÓN ORDINARIA

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, unha por cada trimestre. A deste último coincidirá coa avaliación fina ordinaria do mes de xuño.

#### AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Estará baseada nos contidos mínimos que constan nesta Programación Didáctica.

Os instrumentos de avaliación constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes esperadas dos alumnos. correspondentes aos procedementos de avaliación subliñados anteriormente:

- Observación sistemática. Leva consigo a observación das actitudes manifestadas polo alumno e das súas respostas ás tarefas suxeridas a cotío no aula. Comprobación de respecto aos compañeiros/as, á orde na clase, ao profesor/a, aos materiais propios e alleos. Valoración de se o alumno acepta ou non os roles asignados, axuda a organizar o grupo, coopera nas tarefas comúns.
- Producións do alumno: Expresión nun caderno de clase e/ou nun blog das actividades realizadas. Resolución de exercicios e prácticas realizadas na clase. Elaboración de resumos, monografías, informes.
- Expresións orais: Conversación co alumno para medir a súa implicación nos temas desenvolvidos na clase: valoración da súa creatividade e investigación persoal. Valoración no diálogo do seu grao de interese pola materia, do seu comportamento, da integración cando o traballo sexa en grupo. Participación positiva nas postas en común. Respecto as quendas nos debates.
- Probas específicas: probas tipo test e cuestionarios. (A verdadeiro ou falso, a encher espazos en branco, a aparellar e de selección múltiple). Exposición de un tema. Interpretación de datos.

## 5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A normativa educativa derivada da LOMCE define metodoloxía didáctica como: «conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.» (Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro). Neste sentido, a asignatura de Relixión Católica utilizará unha metodoloxía centrada na persoa, que respectará os seguintes principios:

- *Recoñecemento do rol do docente.* O docente é peza clave na elaboración da planificación, a elaboración e realizar actividades de aula axustadas ao grupo concreto que está ensinando, así como á avaliación do proceso. A súa formación e a súa responsabilidade no acompañamento do proceso de crecemento do estudante resulta, polo tanto, fundamental á hora de garantir o éxito do proceso de aprendizaxe.
- *Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa.* Esta atención, centrada na persoa, permite combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e grupal, manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.
- *Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes.* Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental.
- *Consideración da dimensión humanista.* Todas as aprendizaxes están ao servizo da formación humana. A materia de relixión, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes, instrumentais, cognitivos, actitudinais, socio afectivos non sexan considerados fin en si mesmo senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano.
- *Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes.* Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes así como dos coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa.
- *Seguimento dos criterios de avaliación educativa.* Para facilitar o cumprimento destes principios metodolóxicos aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe; e sumativa ao final do proceso, de maneira que se avalíe o nivel de logro alcanzado. A avaliación obxectiva garante unha valoración adecuada da dedicación, esforzo e rendemento de todos os estudantes.
- *Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativo.* O estudo e reflexión do cristianismo, polo seu intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativo.



- *Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos.* O ensino da relixión promove a utilización da tecnoloxía da información e a comunicación non só dun xeito instrumental, que resulte útil ao estudante na procura de información ou na resolución de problemas suscitados na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético. As redes sociais ou as ferramentas de construción e manipulación de imaxes, por exemplo, son instrumentos que permiten novas formas de expresión da cultura e a identidade persoal que hai que aprender a dominar.

O proceso de ensino-aprendizaxe para as ciencias está formado por un conxunto de actividades incluídas nos **tres ámbitos de contido** (coñecementos, técnicas de traballo e actitudes), cada unha con finalidades didácticas diferentes. A súa aprendizaxe non é illada, senón que constitúe un todo coherente no que os diferentes contidos se complementan.

Ponse en práctica un proceso de traballo holístico, que permita usar os elementos didácticos que compoñen unha unidade en diferentes situacións de aprendizaxe. Polo tanto, trátase de aplicar diferentes métodos:

**Indutivo:** partir do particular e próximo ao alumno, para rematar no xeral, a través de conceptualizacións cada vez máis complexas.

**Dedutivo:** partir do xeral, para concluír no particular, no ámbito próximo ao alumno.

**Indagatorio:** mediante a aplicación de búsquedas.

**Activo:** baseado na realización de actividades por parte do alumno.

**Explicativo:** baseado en estratexias de explicación.

**Participativo:** invitando ao debate.

**Mixto:** tendente a unir nunha mesma unidade didáctica a práctica de máis dun dos métodos anteriores.

No contexto da aula de relixión non faremos distinción explícita entre os diferentes tipos de contidos: traballaranse conxuntamente e avaliaranse conxuntamente.

### **Estratexias metodolóxicas: actividades e contextos de aprendizaxe**

Os principios metodolóxicos xerais e específicos da área anteriormente expostos guiarán as pautas concretas de actuación por parte do profesor, tanto no relativo á selección, secuenciación, enfoque, temporalización... das **actividades de aprendizaxe** como no tocante ás modalidades de traballo e organizativas (**contextos de aprendizaxe**).

### **Actividades de aprendizaxe**

As actividades de aprendizaxe que propoñeremos deberán ter algunha ou varias das seguintes **características**:



Ser globalizadoras e estar secuenciadas en función dos coñecementos previos.

De actualidade.

Relacionadas co medio.

De experimentación e a través de modelos adaptados (simulacións ou recursos TIC interactivos).

Motivadoras para alumnado e profesorado.

Deben atender á diversidade do alumnado.

Potenciadoras da autoestima.

As **actividades de aprendizaxe** que empregaremos na nosa práctica docente, de deseño aberto e variada oferta, serán dos seguintes tipos:

Tipo de actividade	Función	Exemplos
<b>De iniciación ou motivación</b>	Serven para atraer a atención do alumnado sobre o tema ou traballo a desenvolver e centralo en función dos seus intereses ou do seu marco de referencia.	1* Debates. 2* Provocar discrepancias. 3* Observación dunha imaxe rechamante. 4* Plantexamento dun problema ou pregunta que induza á proposta de hipóteses. 5* Observación. 6* Lanzar un reto...
<b>De enfoque</b>	Proporcionan a base para experiencias ou para entrar no tema.	7* Lectura de textos. 8* Pescudas e busca de información... 9* Visionado de imaxes, audiovisuais, modelos, representacións (gráficas, esquemas, mapas...), etc.. 10* Realización de actividades TIC (interactivas, "e-learning", "web-quest", simulacións...). 11* Asistencia e participación en charlas, coloquios... 12* Saídas ao entorno

<b>De ampliación</b>	Mantéñen ao alumnado mentalmente activo e promoven a asimilación e a formación de conceptos.	13* Realización de exercicios. 14* Postas en común. 15* Discusións e debates. 16* Busca de respostas. 17* Avaliacións conxuntas. 18* Explicación do traballo aos demais.
<b>De síntese ou finais</b>	Resumen a secuencia de instrución. Centran os conceptos importantes.	19* Facer resúmenes, mapas conceptuais. 20* Definir conceptos clave. 21* Elaborar e interpretar esquemas, gráficos, táboas resumo... 22* Establecer relacións entre conceptos clave. 23* Coloquios e postas en común. 24* Elaboración de informes, memorias, traballos.. 25* Presentar conclusións publicamente ou por escrito.

Nas programacións LOMCE, empregaremos esta tipoloxía de actividades de aprendizaxe para asocialas a cada bloque de contido e, na medida do posible, indicaremos a temporalización prevista (aproximada) en horas ou en nº de sesións lectivas.

### Contextos de aprendizaxe

O traballo de aula organízase en **unidades didácticas** nas que se propoñerán actividades ós alumnos e alumnas. Estas actividades, detalladas no apartado anterior, contextualízanse de acordo cos obxectivos previstos e cos materiais e recursos didácticos dos que se dispón en cada momento, seguindo en xeral a secuencia lóxica: actividades de iniciación, de enfoque, de ampliación e de síntese.

As clases desenvolveranse, basicamente, de acordo coas seguintes **pautas de traballo** (individuais e/ou colectivas):

O profesorado, para cada nova unidade didáctica (ou apartado temático desta), realizará unha avaliación inicial e/ou outras **actividades de iniciación e motivación**, para saber o que os alumnos coñecen do tema e detectar ideas previas. Estas realizaranse en gran grupo, en pequenos grupos ou individualmente, de xeito flexible.

Posteriormente introduciranse, de forma breve e sintética e coa axuda dun pequeno guión ou mapa conceptual, os principais contidos



conceptuais (feitos, conceptos ou principios básicos sobre os que hai que construír), axudando ós alumnos/as a establecer conexións entre os novos conceptos e as ideas previas detectadas. Neste caso consideramos que é necesaria unha información ou comunicación directa que o profesorado aportará de maneira oral e/ou con materiais en gran grupo ou *grupo expositivo* (con todo o grupo-clase).

A continuación se realizarán **actividades de enfoque e de ampliación**, empregándose distintos materiais didácticos: libro de texto, dicionarios de aula e outros materiais (fotocopias de textos, gráficos ou esquemas, mapas, multimedia, canón de vídeo, encerado dixital, etc.), e coa axuda do profesorado cando sexa necesario.

Determinadas actividades de enfoque e ampliación (como postas en común, coloquios e debates, explicación do traballo ós demais, avaliacións conxuntas ou algunhas experiencias) requirirán a organización da aula en gran grupo.

As **actividades de síntese**, dependendo da súa natureza, poderán realizarse de xeito individual (no caso de resolución de cuestións clave, elaboración de traballos escritos, esquemas, resumos, gráficos ou mapas conceptuais, presentación de conclusións ou de experiencias por escrito...) ou en pequenos grupos e/ou gran grupo (postas en común, recapitulacións e contraste de ideas, presentación de conclusións en público,...), á marxe das posibles recapitulacións que de xeito “maxistral” faga o profesorado.

Por último, non cabe unha separación entre os traballos de clase, na aula de informática e o traballo de campo. Aínda que representan lugares e tempos diferentes, procuraremos que exista unha clara interrelación baseada nunha unidade dos contidos.

O **traballo en pequenos grupos** permitirá unha reflexión máis pausada, a elaboración de informes compartidos e o intercambio e socialización dos saberes. A resolución de problemas en grupo faculta para integrarse nunha sociedade na que a participación constitúe a base da democracia e da resolución de problemas complexos que afectan á humanidade. Por outro lado, a acumulación de experiencia de **traballo individual** vai dotando ó alumnado de autonomía e sentido crítico persoal, preparándoo así para enfrontarse a retos persoais na vida activa e adulta.

Como consideración final, somos conscientes das dificultades de traballar en grupo nas aulas, especialmente con un número elevado de alumnos/as, pero consideramos que as vantaxes merecen a pena. O alumnado valora o pluralismo metodolóxico porque lle permite escapar da monotonía e da reiteración. Ademais permítenos ós profesores/as cambiar o rol de alguén que instrúe a alguén que orienta ou presenta oportunidades para aprender.

## 6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Cada alumno disporá dun caderno persoal, dunha conta na aula virtual do centro ed unha conta de correo electrónico no que se irán elaborando e recollendo os recursos didácticos. En xeral botaremos man de:

- \* Repositorio de materiais Abalar.
- \* Edixgal
- \* Classroom
- \* Aula virtual do departamento e conta de correo.
- \* Recursos para a pizarra dixital.
- \* Fichas das carpetas de recursos do Departamento.
- \* Documentos da Igrexa Católica (Encíclicas, Concilio Vaticano II, etc.)
- \* Revistas, diarios, información do Terceiro Mundo.
- \* Comentarios de texto.
- \* Videoteca e bibliografía da Biblioteca do Instituto.
- \* Blogs de aula e de alumnos. Wikis.
- \* Exposición en paneis, murais.
- \* Diversos recursos lúdico-relixiosos tanto en papel como na Rede.
- \* Cancións e actividades musicais.
- \* Xogos e dinámicas grupais.
- \* Presentacións en Power-Point, Prezi e noutros recursos on-line.
- \* Exercicios de valores.
- \* Biblia en papel e online.



## 7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

É importante insistir en que a fe do alumno non é o obxectivo da avaliación, esta haberá de respectar a intimidade da conciencia persoal, que obriga ao educador a avaliar tan só certos aspectos do ensino relixioso:

a) Á hora de establecer os contidos a preguntar nunha proba escrita haberá que valorar en igual medida a adquisición de coñecementos teórico-memorísticos procedentes das diferentes fontes como a capacidade crítica e valorativa que o alumno sexa capaz de desenvolver á hora de enfrontarse con devanditas fontes.

b) En canto ao traballo en clase, valorarase por orde de importancia:

\* Uso e elaboración de información.

\* Que o contido se adecúe ao esquema proposto.

\* A boa redacción, libre de faltas de ortografía.

\* A orde e limpeza dos traballos.

\* O sentido creativo e crítico dos alumnos.

c) No caderno de clase o alumno ha de recoller todas as actividades propostas, así como as conclusións dos debates, postas en común, apuntes de clase, traballos persoais, etc. realizados durante o curso. O caderno de clase entregarase ao profesor para a cualificación de cada avaliación durante o curso así como ao remate do curso.

d) Con respecto a actitude, será conveniente avaliar se o alumno vai poñendo en práctica aquilo que é fundamental na asignatura de relixión: a adquisición de valores que son necesarios para unha convivencia respectuosa e harmónica cos demais, fortalecendo un espírito crítico e solidario

Así pois os procedementos e instrumentos de avaliación constan dos seguintes indicadores:

a.- Tarefas realizadas no aula e a través dos cine-forum e a visualización de documentais.

b.- Corrección do caderno de clase .

c.- Traballos de clase sobre documentos escritos ou textos do libro.

d.- Observación directa do alumno (atención, participación, traballo de grupos, comportamento, etc..)

e.- A comprensión do tema e a expresión do mesmo.

f.- Análise, síntese, interpretación, produción, resolución de problemas e o uso da información.

g.- A responsabilidade, o esforzo, o respecto, o traballo en equipo, a participación, a tolerancia e a creatividade.

Nesta asignatura avalíanse os contidos das unidades expostas por medio de probas escritas e orais, así como a presentación dos mesmos(ortografía, caligrafía, marxenes...).

O **alumnado que non asista** con regularidade a clase ou que non xustifique axeitadamente a súa ausencia en cada trimestre quedará **sen dereito a avaliación continua**, tendo que realizar unha proba de todo o que se traballara na aula. 10% das horas da materia.

**Taboa para avaliar a resolución individual de exercicios e o caderno**

	<b>EXCELENTE 10 puntos</b>	<b>BEN 8 puntos</b>	<b>SATISFACTORIO 5 puntos</b>	<b>INSUFICIENTE 0-4 puntos</b>
<b>NÚMERO DE EXERCICIOS RESOLTOS</b>	Ten todos os exercicios resoltos.	Ten un 80% dos exercicios que se proponen	Realiza entre o 60 % e o 50 % dos exercicios que se propoñen.	Realiza menos do 50 % dos exercicios que se propoñen.
<b>PROCEDEMENTO E RESULTADOS DOS EXERCICIOS RESOLTOS</b>	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao organizadamente e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao pouco organizado e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento, detállao, non o organiza e obtén o resultado correcto.	Non desenvolve o procedemento e non obtén o resultado correcto.

**Taboa para avaliar a redacción e a presentación de traballos escritos**

	<b>10 Excelente</b>	<b>8 Ben</b>	<b>5 Suficiente</b>	<b>0-4 Insuficiente</b>
<b>Puntualidade</b>	Entrega o día asignado	Entrega 1-2 días despois	Entrega despois de 3-4 días	Entrega despois de 5 días ou non entrega
<b>Presentación</b>	Presentación adecuada tanto na portada, no texto como en imaxe.	Presenta 2 características ben e unha a medias	Presenta 1 característica ben e dúas a medias	Non presenta ningunha característica ben.
<b>Ortografía</b>	Non ten erros ortográficos, gramaticais.	Ten cinco ou menos erros ortográficos e/ou gramaticais.	Ten 10 erros ortográficos e/ou gramaticais.	Máis de 10 erros ortográficos e/ou gramaticais.



<b>Búsqueda de información</b>	Recolle e organiza a información relevante, manexa diversas fontes e citaas (bibliografía).	Presenta 3 puntos ben e un a medias.	Presenta 2 puntos ben e un a medias.	Presenta un ou ningún punto ben.
--------------------------------	---	--------------------------------------	--------------------------------------	----------------------------------

**A nota do alumnado de relixión calcularase segundo os seguintes criterios:**

<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	<b>TOTAL:</b>	<b>5%</b>
Expresa ideas e sentimentos con claridade		1%
Utiliza unha linguaxe apropiado e respetuoso		2%
Sigue un orden lóxico na súa exposición oral		2%

<b>TRABALLO INDIVIDUAL</b>	<b>TOTAL:</b>	<b>30%</b>
Obtén información de diferentes medios, selecciónaos e forma ideas sobre un tema determinado		10%
Alcanza os principais criterios de avaliación propostos na programación		10%
Realiza as tarefas propostas para a confección do caderno		10%



<b>TRABALLO EN GRUPO</b>	<b>TOTAL:</b>	<b>15%</b>
Coordínase e pon as súas ideas en común		3%
Participa de forma activa e valora a opinión dos seus compañeiros		5%
É respectuoso e non entorpece o traballo dos demais		2%
É responsable coa parte do traballo asignada		5%

<b>TRABALLO DE CLASE</b>	<b>TOTAL:</b>	<b>30%</b>
Produce textos relacionados cos contidos de aprendizaxe		10%
Resolve problemas propostos na aula e acomete con éxito as tarefas		10%
Participa con interese nos debates e tarefas de clase		10%

<b>COMPORTEAMENTO</b>	<b>TOTAL:</b>	<b>20%</b>
Respecta as normas básicas de convivencia		10%
Mostra interese e esforzo		5%
É ordenado, coidadoso e responsable co material		5%

O **alumnado que non acade os obxectivos en xuño**, para superar a materia, deberá entregar en setembro o caderno de clase coas actividades debidamente complementada durante o curso e realizaráselle unha proba escrita sobre aspectos do temario.

## 8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

		Si	No	Observacións
1	Que fago para coñecer a composición da clase?:			
	-Facer unha avaliación inicial			
	-Ler os informes anteriores			
	-Ver os resultados da avaliación			
2	Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.			
3	Dou a cada alumno e alumna a explicación que precisa:			
	-No grupo grande			
	-No grupo pequeno			
	-De forma individual			
4	Antes de empezar cunha unidade explico aos alumnos e alumnas que, con que frecuencia e en base a que avaliarei.			
5	Plantexo exercicios de diferente nivel en cada unidade .			
6	Utilizo diferentes tipos de probas:			
	-Probas prácticas			
	-Exames escritas			

	-Exames orais			
	-Traballos individuais			
	-Traballos en grupo			
7	Unha vez terminada a unidade, evalúo a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe.			
8	Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos.			
9	Na metodoloxía que aplico:			
	-Utilizo ferramentas TIC.			
	-Propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma			
	-Dou moitas explicacións teóricas			
10	Os exercicios que propoño son do seguinte tipo:			
	-Cerrados, dirixidos, etc.			
	-Abertos, procedimentais, diversos, proxectos, etc.			
	-Facilitan o traballo cooperativo			
11	Como paso a hora lectiva:			
	-Conseguindo silencio			
	-Impartindo teoría e explicacións			
	-Respondendo a preguntas, fomentando a participación, etc.			
	-Observando			
	-Corrixindo de maneira individual			

12	A programación recolle os criterios de avaliación de forma sinxela e clara			
13	Utilízanse suficientes tarefas competenciais para reflectir o desenvolvemento das competencias clave.			
14	Están presentes os estándares de aprendizaxe en distintas actividades.			
15	Existen estándares que resultan pouco accesibles.			
16	Existen estándares alonxados dos contidos previstos.			
17	Resulta fácil identificar o nivel de desenvolvemento de cada un dos estándares.			
18	Alumnado e familias teñen acceso aos criterios de avaliación/cualificación			
19	Os resultados das avaliacións utilízanse para adecuar a programación			

### **Avaliación Interna da programación.**

<b>INDICADORES</b>	<b>SI</b>	<b>NON</b>	<b>OBSERVACIONES</b>
1. A programación recolle os criterios de avaliación de forma clara e sinxela.			
2. Os alumnos teñen acceso aos criterios de avaliación /cualificación.			
3. As familias, teñen acceso aos criterios de avaliación /cualificación.			
4. Avalíanse os coñecementos previos.			
5. Vai dirixida aos diferentes tipos de contido			
6. Valóranse os contidos actitudinais e procedimentais			
7. Avalíanse as competencias			
8. Valóranse o traballo que fai na casa			
9. Valóranse o traballo que faio alumno na aula			
10. Avalíanse o proceso de aprendizaxe de maneira directa e a través dos cadernos			

(materiais)de traballo do alumnado.			
11.As probas contemplan diferentes niveis de dificultade			
12.Analízanse os resultados do grupo de alumnos.			
13. Establécense os procedementos de recuperación por avaliación.			
14. As sesións de avaliación son suficientes e eficaces.			
15. Avalíanse periodicamente a programación.			
16. Avalíanse a propia práctica docente.			
17. A avaliación é continua.			
18.Os resultados das avaliacións utilízanse para adecuar a programación.			
20. A programación contempla mecanismos propios de avaliación interna			

## 9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Se un alumno con Relixión Católica se atopara nesa situación terá, no momento que el elixa, unha proba que constará de preguntas e cuestións axeitadas aos obxectivos e contidos mínimos correspondentes ó curso que non teña superado así como aos criterios e instrumentos de avaliación desta programación. Segundo o criterio do profesor poderase substituír a proba pola entrega dun traballo relacionado cos temas correspondentes.

No caso de que non aprobe terá un exame a final de curso.

### 1. Tarefas semanais

- Co obxectivo de facilitarlle o labor a este alumnado número de entregas reducirase a **5** en todo o curso, que quedarán distribuídas a razón de **1 cada tres semanas**, segundo o calendario fixado.
- Coa mesma finalidade, **as tarefas versarán unicamente sobre os contidos mínimos de cada ámbito que non se poidan considerar progresivos.**
- Para facilitar a coordinación e o seguimento do alumnado as xefaturas de departamento, as titorías e o profesorado do Plan recibirán





un documento específico, que tamén inclúe o calendario de entregas.

- Correccións: o profesorado deixará as tarefas (ou copia delas) nos casilleiros do curso correspondente tan pronto como as teña corrixidas. En todo caso, ao final de cada trimestre, como data límite, o alumnado debe dispoñer de todas as tarefas debidamente revisadas. O titor/a será o encargado de entregarllas.

## 2. Exame/s

Aplicaranse as mesmas normas que para o alumnado ordinario de ESO, isto é:

- Cada departamento indicará claramente se vai realizar dous exames (xaneiro e maio) ou só o oficial (obligatorio) de maio.
- Os departamentos que efectúen dous exames deberán:
  - Explicar con claridade os contidos de cada un deles.
  - Establecer con claridade como computa cada exame na cualificación final.
  - Comprobar que o alumnado entregou como mínimo **1 tarefa das 2 propostas** para antes do exame de xaneiro. Se non cumpriu con este mínimo, perdería o dereito a esta proba. Nese caso, cada departamento debe especificar como procedería.
- En calquera caso, o/s exame/s axustaranse sempre aos contidos mínimos establecidos nas respectivas programacións.

### b) Criterios de cualificación

Aplicaranse os mesmos criterios ca os acordados para as materias vinculadas aos ámbitos, é dicir:

- Tareas: **50%** da cualificación global. No caso do alumnado seleccionado para o Plan de Atención a pendentos o **25%** desta cualificación, relativa ao nivel de esforzo e traballo, outorgaríaa o profesorado do Plan e o **25%** restante, que avaliaría o nivel de asimilación dos contidos, corresponderíalle aos distintos departamentos.
- Exame/s: **50%** da cualificación global. Cada un dos departamentos que realicen dous exames debe especificar o seu sistema de cómputo dentro deste 50%. **Nota mínima do exame necesaria para poder facer media coa nota das tarefas: 3.25**
- **Non obstante, se superasen o ámbito de 4º, aínda que da aplicación dos criterios anteriores se derivase un suspenso, aprobarían o ámbito de 3º sempre e cando entregasen, como mínimo, 3 tarefas das 5 totais propostas.**

## 10.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Realizarase unha proba escrita específica a principio de curso, preferentemente na segunda quincena de setembro, para diagnosticar a situación de partida do alumnado pois coñecer as competencias coas que chega o alumnado é moi importante para poder detectar casos que precisen atención á diversidade.

Os contidos desa proba serán os axeitados aos contidos mínimos do curso anterior da ESO que cada grupo de alumnos teña realizado agás no caso de 1º ESO onde os contidos da proba estarán relacionados cos contidos de Relixión na Primaria.

Esa proba escrita pode conter preguntas obxectivas así como de texto incompleto, de emparellamento e de opción múltiple. Tal proba terá un carácter informativo e non terá validez para a cualificación final.

## 11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No ensino da Relixión temos o convencemento de que cada persoa é única e irrepetible polo que a atención á diversidade está sempre presente. Habitualmente ocorre que algúns alumnos teñen necesidades educativas especiais asociadas a algún tipo de discapacidade física ou mental, outros necesitan axudas técnicas e outros están máis adiantados nas súas calidades requirindo ensinanzas alternativas para satisfacer as súas posibilidades en toda plenitude.

En todo caso seguiranse as directrices que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro.

Evidentemente traballaremos parellos co diagnóstico psicolóxico e pedagóxico en estreita relación co Departamento de Orientación do Centro e en sintonía cos profesores compañeiros de Pedagogía Terapéutica.

Ademais, para ser fieis á singularidade de cada alumno e alumna trataremos de:

> Escoller en cada caso o máis apropiado propoñendo variedade de actividades para un mesmo contido: non todos os alumnos realizarán as mesmas actividades. Diferenciamos contidos prioritarios dos outros complementarios e de ampliación.



- > Graduar as diversas aproximacións que poden darse a un mesmo criterio de avaliación.
- > Utilizar metodoloxías diversas, empregando materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.
- > Favorecer equipos na clase que posibiliten a interacción: agrupamentos flexibles e ritmos distintos. Os grupos de traballo non estarán sempre formados por os mesmos alumnos senón que estarán en función da tarefa a realizar.
- > Para alumnos máis motivados faranse actividades de ampliación que lles axuden a desenvolver as súas capacidades.
- > Para alumnos con dificultades no proceso normal de aprendizaxe ofreceranse actividades sinxelas, breves e de reforzo coa intención de prestarlles todo o apoio que precisen.

## 12.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Traballaremos en cada curso os mesmos elementos transversais porque son valores irrenunciáveis no ensino da Relixión Católica pero, lóxicamente, adaptados ao nivel de cada grupo e, dentro de cada grupo, axeitados ás necesidades do alumnado pois hai graduacións diversas no desenvolvemento dos estudantes. Os elementos transversais coa súa concreción traballaranse tendo en conta:

### **1 e 2. *Comprensión Lectora e á Expresión oral e escrita***

-As habituais prácticas do Plan Lector do Centro.

-Practicar constantemente estes dous elementos tanto na lectura de textos bíblicos como de documentos tanto en medios dixitais como en papel.

-Escoitar, dialogar, debater e expresar con total respecto nas interaccións entre iguais e co profesor/a.

### **3. *Comunicación Audiovisual***

-Dialogar, debater e expoñer temas, xuízos e opinións, respectando as regras propias do intercambio comunicativo e procurando non ferir a sensibilidade dos demais, adquirindo unha actitude crítica construtiva ante as crenzas, ideoloxías e maneira de ser dos demais.



-Buscar solucións para chegar a aceptar e valorar aos demais e chegar a superar os conflitos que xorden nas relacións cotiás analizando posturas e actitudes que favorecen o vivir en paz: diálogo, aceptación, respecto, perdón.

#### **4. Educación nas tecnoloxías da comunicación e información**

-Tomar conciencia dos beneficios e das vantaxes que nos achega a tecnoloxía, favorecer o progreso e responsabilizarnos para que este continúe para ben da humanidade.

-Valorar os beneficios que achega a tecnoloxía da información e valorar todos aqueles adiantos tecnolóxicos e científicos que axudan á realización da persoa e ó benestar da sociedade.

-Descubrir e valorar as persoas que colaboran coa creación a través dos descubrimentos e avances tecnolóxicos e científicos.

#### **5. Emprendemento**

-Valorar os produtos con obxectividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.

-Descubrir e analizar a influencia que os medios económicos teñen sobre as persoas en relación coa sociedade e tomar unha postura crítica ó respecto.

-Analizar feitos que fan referencia á sociedade desde unha visión cristiá. Coidar e favorecer todo o que axude a unha repartición equitativa dos bens da terra.

#### **6. Educación cívica:**

-Descubrir os valores que xorden do Evanxeo e que comprometen o cristián a colaborar no ben da sociedade e adquirir actitudes solidarias e comprometidas.

-Analizar o grao de responsabilidade persoal e doutras persoas ante a familia, a sociedade, o mundo e a Creación.

-Recoñecer os valores éticos e morais que existen nas diversas relixións, valoralos e facer un paralelismo cos que xorden do Evanxeo de Xesús.

-Descubrir a maneira de colaborar xuntos na edificación da sociedade e valorar o labor da Igrexa e doutras institucións que colaboran desinteresadamente no ben dos demais.

-Reflexionar e analizar as causas que provocan situacións de marxinación e de inxustiza social e chegar a sensibilizarse ante as necesidades e ante os problemas dos demais.



## **7. Prevención de violencia.**

- Interesarse por coñecer, respectar e apreciar os compañeiros e compañeiras independentemente do seu sexo e da súa aparencia.
- Colaborar con todas as persoas sexan dun ou doutro sexo.
- Analizar o grao de aceptación ou rexeitamento que existe cara ás persoas de distinto sexo e buscar solucións ó respecto.
- Amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.
- Descubrir e rexeitar as posturas extremas (machismo e feminismo) e valorar os demais indiscriminadamente.

## **13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Do o referido nos procedementos completárase con posibles saídas extraescolares co fin de fomentar hábitos de camaradería e insistir nos temas de convivencia, respecto e solidariedade, como forma de potenciar a responsabilidade individual e a súa propia integración como persoa.

Os obxectivos das actividades deste Departamento de Relixión son:

- \* Procurar unha relación entre os alumnos que provoque unha maior consideración das capacidades de autoestima persoal, de inserción social e de afecto.
- \* Posibilitar un maior achegamento entre profesor e alumno.
- \* Animar o traballo en equipo favorecendo a solidariedade e apreciando o valor do distinto.
- \* Facilitar a convivencia e integrar aos alumnos de distintas culturas.
- \* Completar a formación relixiosa estudando a súa aplicación práctica achegando aos alumnos á cultura, arte e símbolos relixiosos do seu entorno.

Así propónse para o alumnado que cursa esta materia sempre en colaboración especialmente cos departamentos máis afíns, no tratamento compartido de temas que teñan algo en común, especialmente Xeografía e Historia, Lingua Castelá e Biblioteca



## ACTIVIDADES EXTRASCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Rutas e actividades solidarias: onde os alumnos poidan ter contacto directo con diversos puntos de traballo solidario: comedor social, residencia da terceira idade, tendas de comercio xusto, carreiras solidarias...

Outras charlas ou visitas que sexan de interese para o alumnado de Relixión e Moral Católica, en colaboración con outros departamentos do mesmo centro.

### 14.- APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

#### 1. PLAN LECTOR

A materia de Relixión participará activamente no Plan Lector do propio Centro coa dinámica que se estableza para este curso 2016-2017 así como nas actividades propostas polo equipo da Biblioteca e PLAMBE.

Departamento de Relixión Católica participará no plan lector porque é unha ferramenta básica para o coñecemento desta materia, xa que a lectura non é só unha técnica senón un medio de comunicación e de acceso a información, ou conxunto de estratexias son esenciais para promover ou hábito de lectura e saber comprender ou que lemos. Usarase o libro de texto, buscaremos textos nos xornais, en internet ... que recollan novas ou información sobre os contidos que se traballan na materia.

#### Lecturas recomendadas:

Como libro básico para a nosa materia manexaremos a **Biblia** en todos os cursos.

1º ESO	<b>Azur e Asmar.</b> Michel Ocelot. SM <b>Nata y chocolate.</b> Alicia Borrás Sanjurjo. Anaya. <b>A casa da Luz.</b> Xabier P. Docampo. Anaya 2004 <b>Neno Can.</b> Fina Casalderrey. Galaxia 2013 <b>Palabras de caramelo.</b> Gonzalo Moure. Anaya 2004 <b>Santiago o fillo do trono.</b> Xunta de Galicia <b>El arca y yo.</b> Vicente Muñoz. Anaya. 2004 <b>El laberinto de la felicidad.</b> Alex Rovira, Francesc Miralles.Libros acuáticos punto de lectura. <b>Mentira:</b> <a href="#">Care Santos</a> . Edebé <b>Trece años de Blanca:</b> <a href="#">Agustín Fernández Paz</a> . Edebé
--------	---

	<p><b>A herdanza do dragón:</b> Elena Gallego Abad. Xerais. 2010</p> <p><b>As desgracias de Sophie.</b> Valére Dayre. O barco de vapor.</p> <p><b>O día despois do día.</b> Manuel Lourenzo</p> <p><b>O meu nome e Skywlker.</b> Agustín Fernández Paz.</p> <p><b>Cando a terra esqueceu xirar.</b> Fina Casalderrey.</p>
2º ESO	<p><b>Os sabuxos entran na casa do pé esquerdo.</b> Jaureguizar. Xerais 2013</p> <p><b>Si no te vas.</b> Pau Joan Hernández. Edebé</p> <p><b>A cripta do apóstolo.</b> PereTobaruela. Xerais. 2010</p> <p><b>El sello de Eolo.</b> Manuel Alfonseca. Edebé</p> <p><b>La tumba de Aurora K.</b> Pedro Riera. Edebé</p> <p><b>La buena suerte.</b> ÁlexRoviraCelma, Fernando Trías de Bes. Empresa activa.</p>
3º ESO	<p><b>El otrotecho del mundo.</b> <a href="#">FernandaKrahnUribe</a>. Edebé.</p> <p><b>Alejandra.</b> <a href="#">Lola Gándara</a>. Edebé</p> <p><b>Un empujoncito.</b> JacquesSchecroun. Aguilar 2008</p> <p><b>La cruz de El Dorado:</b> <a href="#">César Mallorquí</a>. Edebé</p> <p><b>En Primaria todos éramos muy listos:</b> <a href="#">Enrique Gudín de la Lama</a> Edebé. 2012</p> <p><b>La lección de August.</b> Raquel J. Palacio. Nube de tinta.</p> <p><b>La historia de Julián.</b> Raquel J. Palacio. Nube de tinta.</p> <p><b>El juego de Christopher.</b> Raquel J. Palacio. Nube de tinta</p> <p><b>Una vez.</b> Morris Gleitzman. Kailas ficción. 2005. Madrid</p> <p><b>Ahora.</b> Morris Gleitzman. Kailas ficción. Madrid</p> <p><b>Entonces.</b> Morris Gleitzman. Kailas ficción. Madrid</p> <p><b>Despues.</b> Morris Gleitzman. Kailas ficción. Madrid</p>

4º ESO	<p><b>El cementerio de los ingleses.</b> <u>José M<sup>a</sup> Mendiola Insausti</u>. Edebé.</p> <p><b>Tres besos.</b> <u>Blanca Álvarez</u>. Edebé.</p> <p><b>Si lo dicta el corazón.</b> María Menéndez Ponte. SM. 2013</p> <p><b>Deus xogando aos dados.</b> Fernando Méndez. Sotelo Blanco. 2011</p> <p><b>¿Quién se ha llevado mi queso?.</b> SpencerJohnson,M.D. Empresa activa 8ª edición.</p> <p><b>Llenos de rabia:</b><u>PasqualAlapont</u>Edebé</p> <p><b>La roca de Is.</b> EliaBarceló. Edebé.</p> <p><b>El viaje de Teo.</b> Catherine Clement. Siruela</p> <p><b>La fraternidad de Eihwaz:</b><u>César Mallorquí</u>. Edebé</p> <p>Llamando a las puertas del cielo. <u>JordiSierra i Fabra</u>. Edebé. <b>2011</b></p>
--------	--

Leremos en voz alta ou ben en silencio e o profesor fixarase se o alumno sabe:

- Interpretar persoalmente ou texto
- Resumir
- Ampliar
- Identificar a idea principal do texto
- Realízase unha lectura expresiva
- Usa unha entoación adecuada
- Se é capaz de comprender e manexar ou vocabulario relixioso.
- Se o pode relacionar co que se esta traballando nese momento

As palabras que ou alumno descoñeza tamén se empregará ou dicionario, recurso moi útil para ampliar e asimilar novos conceptos.





## 2. PLAN TIC

En 1º da ESO empezaremos co novo proxecto que nos brinda a consellería o Edixgal onde os alumnos terán todos os contidos e actividades nas tablets.

Dado que neste curso 2018-2019 xa está implementado o Proxecto Abalar , faremos unha procura axeitada dos recursos que tal Proxecto nos brinda. Nos outros niveis seguiremos actuando tal como os cursos anteriores na medida en que o Centro poida proporcionarlle a este Departamento as aulas de Informática e Audiovisuais.

Desde as clases de Relixión contribuímos ao logro dos obxectivos do plan TIC do Centro mediante a realización de diversas accións cos nosos alumnos tales como:

- Uso de correo electrónico para informar aos alumnos da realización dalgunha tarefa e para recepción dos seus exercicios, actividades e traballos.

- Uso educativo das redes sociais para compartir saberes, técnicas e recursos.

- Presentación de traballos nas aplicacións máis actuais na medida en que as posibilidades técnicas e a formación dos propios alumnos o permitan. Como mínimo farán uso dun procesador de textos.

- Creación de canles de comunicación con outros alumnos de Relixión doutros centros da mesma localidade e outras.

- Blogs de aula coa participación activa do alumnado. Presentación dos contidos de xeito atractivo e novedoso desde os blogs da materia de Relixión.

- Uso da Aula virtual do centro.

- Visitas a sitios web oficiais da Igrexa (Santa Sé, Arquidiocese, Conferencia Episcopal), a páxinas de contido bíblico ou relacionadas co voluntariado e o labor social da Igrexa.

- En relación cun dos obxectivos da programación, coñecer a través da Rede a achega da Igrexa á nosa cultura e patrimonio artístico para o que Internet móstrase como un instrumento valioso nun campo que por excelencia é o da imaxe.

- Consultas e visitas a portais católicos tanto polo seu contido conceptual como pola posibilidade de coñecer foros de opinión, blogs e outros campos de comunicación e expresión católicos.



### 3. PLAN DE CONVIVENCIA

Na contribución ó Plan de convivencia esta materia de relixión católica ten moitísimo que aportar desde os valores que promove.

En todo momento seguirá as pautas do Plan de Convivencia do Centro así como as indicacións do Departamento de Orientación e das Titorías.

Independentemente diso traballará constantemente aspectos propios da educación para a Paz, o respecto da Natureza, a solidariedade e todos aqueles indicadores xa reflectidos na programación de valores.

As accións:

- ~ Asistencia puntual e diaria ás clases.
- ~ Asistencia ó Centro cos materiais necesarios para as clases.
- ~ Respetto para as persoas que teñen crenzas distintas.
- ~ Diálogo cos que pensan de xeito diverso.
- ~ Colaboración para a realización das tarefas propostas polo profesorado.
- ~ Colaboración para a modificación da conduta do alumno ou alumna e seguimento nos cambios que se produzan.
- ~ Rexeitamento pacífico de todo tipo de violencia.
- ~ escoitar para entender.
- ~ Compartir cos demais.
- ~ Respetto ós compañeiros e a todo o persoal do Centro.
- ~ Non permisión de actitudes racistas nin sexistas.
- ~ Moderación consumista e coidado da hixiene persoal.

### 4. PLAMBE

O noso departamento participará no proxecto de biblioteca que este curso versa sobre os bosques: Traballaremos en varios cursos:

- 2º ESO. Traballaremos relatos co AT que árbores aparecen mencionados .
- 3º ESO. As árbores no NT.

Tamén colaboraremos na medida das nosas posibilidades co proxecto Vedra medra co tema Emociona-T

## 15.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Debido ao carácter interrelacional do proceso de ensino-aprendizaxe, o profesor de Relixión tamén deberá revisar continuamente a súa labor docente na medida que os resultados acadados non respondan ás previsións. A avaliación, polo tanto, afecta a todos os implicados no proceso educativo no cal se dan relacións humanas recíprocas que serán máis enriquecedoras na medida en que todos os suxeitos aporten o mellor de si mesmos.

O profesor avaliará os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente en relación co logro os obxectivos do currículo, e tamén en relación ás necesidades educativas do centro e ás características específicas dos alumnos.

Os resultados da avaliación da aprendizaxe dos/as alumnos/as e do proceso de ensinanza, servirán para modificar aqueles aspectos da programación educativa e do proxecto curricular que se detectaron como pouco axeitados ás características dos alumnos/as e ao contexto do centro.

Para levar a cabo o seguimento do desenvolvemento da programación didáctica, así como o seu rendemento e a súa posterior revisión e adaptación caso de seren detectados desaxustes, este departamento de Relixión empregará as seguintes ferramentas e procedementos na medida que se revelen necesarios:

- Reunións do departamento e das coordinacións da CCP.
- Enquisas de auto avaliación do alumnado.
- Enquisas de auto avaliación do profesorado
- Guías de análise.
- Enquisas ao alumnado e ao profesorado.

CUESTIÓNS	Si/ Non	Xustificación	Observacións
Acadáronse os obxectivos previstos?			
En que porcentaxe?			
Fíxose algún cambio nos contidos?			
Variouse nalgún aspecto a metodoloxía?			
Axustouse ben ó tempo?			
Utilizamos todos os recursos previstos?			
Cales actividades e recursos deron mellor resultado?			
Efectuouse algunha modificación na avaliación?			
Estivo motivado e implicado o alumnado en xeral?			
Cales foron os maiores intereses do alumnado?			
É aconsellable introducir algún cambio?			

ASPECTOS	DESTACAMOS	A MELLORAR	PROPOSTAS
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			